

## A reclasificación profesional e os salarios van máis alá da campaña de eleccións sindicais

As campañas das eleccións sindicais se parecen cada día mais ás campañas políticas: verdades a medias, promesas estacionais...

Nesta campaña a algúns lles acorda reclamarlle ao SERGAS a reclasificación do persoal, cando isto é competencia do Estado e materia de negociación da **Mesa Xeral de Empregadas/os Públicos (Ministerio de Administración Pública)**.

Ao mesmo tempo mesturan a reclasificación do persoal coas **cualificacións profesionais do Ministerio de Educación (INCUAL)**.

A CIG ven esixindo nos últimos anos que se trate na Mesa Xeral de Empregados/as Públicos a reclasificación do persoal que leva pendente dende o ano 2007. Seguiremos insistindo no Ministerio de Administración Pública para que teña reflexo nos orzamentos do ano 2020.

### Cal é a clasificación profesional do persoal estatutario?

Lei 7/2007, 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

Artigo 76. Grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira

- Grupo A: Dividido en dous Subgrupos, A1 y A2. Esixirase estar en posesión do título universitario de Grado
- Grupo B: Esixirase estar en posesión do título de Técnico Superior.
- Grupo C. Dividido en dous Subgrupos, C1 y C2
  - C1: Título de Bacharelato o Técnico.
  - C2: Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

### Onde está o problema?

Na disposición transitoria terceira do EBEP do 2007, recóllese que mentres non se desenvolva esta clasificación seguiremos como agora, coa clasificación anterior e perdendo retribucións.

Tamén está pendente de falar do salario base do Grupo A2, e dos salarios das agrupacións profesionais. Cómpre aclarar que non desapareceu o grupo B. Os técnicos superiores que debían estar aí seguen manténdose no grupo C1.

### Canto estamos a perder? Bota as túas contas

*LEI 2/2018, de 26 decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.*

Grupo/subgrupo Real decreto lei 5/2015	Soldo	Trienio
A1	13.814,04	531,48
A2	11.944,68	433,32
B	10.441,20	380,28
C1	8.968,44	327,96
C2	7.464,12	223,20
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Real decreto lei 5/2015, de 30 de outubro)	6.831,60	168,00

**Non te deixes enganar con promesas electorais**

**A CIG leva desde o ano 2007 loitando por isto**